

## MEDIDAS ACTUACIÓN ANTI-COVID-19

### 1. ACCESO Á INSTALACIÓN

O acceso a instalación realizarase pola entrada situada entre o vestíbulo e o pavillón principal de Expourense, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas e seguindo a sinalización.

Realizarase control de temperatura a todas as persoas que accedan á instalación.

Non se permite o acceso de público.

Autorizarase o acceso á instalación, unicamente, os/as atletas participantes, xuíces e persoal de organización.

Permitirase o acceso a fotógrafos e redactores de medios de comunicación debidamente acreditados.

Poderá acreditarse unha persoa representante por Clube (delegado/a ou adestrador/a); se os participantes dunha mesma entidade son entre 10 e 20 atletas permitirase 1 delegado e 1 adestrador; entre 21 e 30, 1 delgado e 2 adestradores; entre 31 e 40, 1 delgado e 3 adestradores; mais de 41 atletas, 1 delgado e 5 adestradores. Unha vez rematada a súa función prégame que atletas e persoal responsable abandonen a instalación. Poderán solicitar acreditación ata ás 22:00 horas do 21/01/2021 no formulario publicado na web da Sociedad Gimnástica de Pontevedra: [www.sgpontevedra.com](http://www.sgpontevedra.com)

### 2. USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA E MEDIDAS HIXIÉNICAS

É obrigatorio a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.

Haberá máscaras e xel hidro-alcohólico no acceso a instalación, na grada, na Secretaría, na Cámara de Chamadas, na Meta, e nas zonas que requiran os xuíces para o seu cometido.

Haberá produto hixienizante para os tacos de saída das carreiras e para as zonas de concurso que o requiran (colchóns saltos verticais, artefactos).

### 3. VESTIARIOS

Os vestiarios estarán a disposición dos/as atletas. Máximo 5 persoas simultaneamente en cada vestiario. Non se poderán utilizar ás duchas.

#### **4. CÁMARA DE CHAMADAS**

É obrigatorio para todos/as os/as atletas entregar na Cámara de Chamadas a Declaración Responsable, sen a cal non se autorizará a participación.

A Declaración Responsable está dispoñible na web da Sociedad Gimnástica de Pontevedra: [www.sgpontevedra.com](http://www.sgpontevedra.com)

Os/as atletas recollerán o seu dorsal na Cámara de Chamadas.

#### **5. ZONA DE QUECEMENTO**

Os/as atletas poderán facer uso da zona de quecemento de Expourense.

O quecemento deberá realizarse de xeito individual, con máscara e gardando a distancia de seguridade respecto aos demais atletas.

Está prohibido quentar correndo arredor da pista.

#### **6. CARREIRAS**

Nas carreiras, as máscaras hixiénicas coas que se entre na zona de competición serán destruídas e entregarse unha nova chegado o/a atleta a meta. No caso de abandono sen concluír a proba, o/a atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para que lle sexa entregada unha nova máscara.

#### **7. COORDINADOR DE PROTOCOLO FISICOVID-DXT GALEGO**

A organización estará a disposición do Coordinador FISICOVID-DXT GALEGO nomeado pola FGA para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

As indicacións do Coordinador FISICOVID-DXT GALEGO son de obrigado cumprimento para todas as persoas presentes na instalación.

#### **8. NORMATIVA**

A competición desenvolverase segundo o Protocolo FISICOVID – DXT GALEGO da Federación Galega de Atletismo e aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.